




iDevice Contido DUA



Como usar o iDevice Contido DUA

O iDevice *Contido DUA* é un iDevice que nace co propósito de facilitar a aplicación dos tres principios do deseño universal para a aprendizaxe: principio de compromiso, de representación e expresión no deseño de recursos educativos abertos creados con eXeLearning e con estilo cREAgal

Principios do DUA

Representación


Expresión

Compromiso




Localiza o iDevice *Contido DUA* de entre todos os dispoñibles.


Atópalo no menú de iDevices, no grupo *Texto e tarefas*



Preme para engadilo.


Esta é a súa aparencia.

Título: 

 Fai dobre clic ou escribe para ver suxestións

Configuración xeral Axustes de idioma

Tipo: ☒ Implicación ☐ Comprensión ☐ Expresión




1


Texto do botón: Baleiro = Sen botón


Contido principal (obligatorio) Lectura facilitada Audio Apoio visual

Editar Inserir Formato Táboa Ferramentas



Estes son os elementos que podes configurar nel: selección de icona, título do iDevice, principio DUA ao que fai referencia e que determinará a súa cor, botón para engadir bloques, número de bloque, engadir botón e caixa de contido principal e alternativos.

Título: 

Selección de icona →  **Título do iDevice**

Fai dobre clic ou escribe para ver suxestións


Configuración xeral Axustes de idioma


Principio do DUA → Tipo: ☒ Implicación ☐ Comprensión ☐ Expresión



Número de bloque → # 1

Texto do botón: Baleiro = Sen botón


Engadir botón → 

Caixa de contido principal e alternativos → 

O iDevice Contido DUA é un recurso polivalente e que permite configuracións e composicións. Velaquí algunhas delas:

1. Úsao como iDevice


Ou primeiro que cómpre saber é que o iDevice *Contido DUA* pode comportarse como un iDevice de texto básico, non que podes incorporar contido textual ou multimedia grazas á caixa de edición HTML



Pero a principal diferenza con respecto a outros iDevices do tipo *Texto e tarefas* é que che permite inserir ou non unha icona e un título de entre un conxunto, categorizados por cores e formas de acordo aos tres principios do DUA: verde para o principio de compromiso, violeta para o principio de representación e azul para o principio de expresión.

Título: 

 Fai dobre clic ou escribe para ver suxestións



Se decides non engadir nin icona nin título, mostrarase o texto sen liña de cor enriba.



Exemplo de texto ou contido multimedia sen icona, título nin liña.

Se decides engadir icona e título, mostrarase o texto cunha liña de cor enriba.




Expresión




Exemplo con icona, título e liña.

Neste caso, elixe a icona de entre o conxunto de iconas que o iDevice pon á túa disposición.




Se decides engadir un título tes dúas opcións:

a. Elixir de entre os que o despregable che suxire.



b. Crear o teu propio título na caixa de texto.



Logo selecciona o tipo de principio do DUA de acordo ao teu propósito e que dará cor ao título, a caixa de texto e os botóns (opcionais).

Tipo: ☒ Implicación ☐ Comprensión ☐ Expresión

Tipo: ☐ Implicación ☐ Comprensión ☒ Expresión

Tipo: ☐ Implicación ☒ Comprensión ☐ Expresión



Evita inconsistencias cando uses iconas, títulos e asocies o principio DUA, é dicir, usa cada icona e título de acordo ao principio que queiras desenvolver.

A continuación ves a aparencia do iDevice Contido DUA unha vez elixida unha icona, inserido un título, seleccionado o principio do DUA ao que fai referencia e engadido contido na caixa de texto.



Compromiso



Exemplo con icona, título e liña.



Representación

Exemplo con icona, título e liña.



Expresión

Exemplo con icona, título e liña.




Inclúe sempre que poidas icona, título e caixa de texto, xa que así facilitarás a comprensión do teu REA porque

- a icona axuda a anticipar e crear rutinas,
- o título axuda a situarse porque describe o propósito
- e a liña de cor do iDevice de texto dá estrutura á información.

2. Xestiona os bloques dentro do teu iDevice Contido DUA

Dentro dun mesmo iDevice podes incluír diferentes bloques de contido. Fíxate que podes engadir, mover ou eliminar bloques de contido usando os botóns. Tamén podes minimizar os bloques para traballar máis comodamente premendo neles.



Usa tantos bloques de contidos como necesites pero lembra que é importante ter en conta a extensión da páxina.

3. Usa o tipo de bloque que máis che interese: bloque sen botón ou bloque con botón.

a. Bloque sen botón:

Deixa baleira a caixa de texto de botón. Só se mostrará o contido que escribas e cos efectos que queiras aplicar (acordeón, paxinación, carrusel...).



Primeiro pensa





Viches algunha vez unha carta?

b. Bloque con botón:



Amosa un botón de cor de acordo co tipo de principio elixido e premendo nel móstrase o contido que escribas, do mesmo xeito que os botóns de retroalimentación doutros iDevice de eXeLearning, pero coa diferenza de que estes tomarán a cor de referencia do principio do DUA que elixises previamente.

Aquí ves un exemplo de botóns para cada un dos principios.

 Exemplo botón 

Isto é un exemplo de bloque de texto e bloque botón



Exemplo de botón para o compromiso

 Exemplo botón 

Isto é un exemplo de bloque de texto e bloque botón

Exemplo de botón 1 para a representación

Exemplo de botón 2 para a representación



 Exemplo botón 

Isto é un exemplo de bloque de texto e bloque botón

Exemplo de botón 1 para a expresión

Exemplo de botón 2 para a expresión


Exemplo de botón 3 para a expresión



Quero practicar

Para engadir un botón de cor abunda con que escribas algo no campo “Texto do botón”, selecciones a opción “Botón de texto” e inclúas o contido que se despregará ao pulsar o botón, como de costume, a través do editor HTML.

☒ Botón de texto
 ☐ Personaxe 1
 ☐ Personaxe 2
 ☐ Personaxe 3
 ☐ Personaxe 4





É importante que o texto do botón describa adecuadamente o contido que se mostrará ao premer nel. Se non se fai así, o contido podería presentar problemas de accesibilidade.

O nome do botón ha de ser unívoco.

Por exemplo, mellor que sexa "Exemplo de carta" que "Exemplo".

Se ademais necesitas incluír información adicional no nome do botón por ser importante para a mellor comprensión das persoas usuarias de lectores de pantalla, podes engadilo colocando o texto (que estará oculto pero accesible) seguido dunha barra vertical e a continuación o texto que queiras que se mostre en pantalla. Desta forma, o texto oculto non será visible pero si será lido polos lectores de pantalla.

Texto do botón:

☒ Botón de texto ☐ Personaxe 1 ☐ Personaxe 2 ☐ Personaxe 3 ☐ Personaxe 4

Texto do botón: ~~Texto oculto~~ Visible

Podes engadir tanto botóns como necesites engadindo novos bloques.

4. Ofrece alternativas ao contido principal.

Unha das vantaxes que ofrece o iDevice Contido DUA é que permite representar o contido que inclúas como contido principal en tres alternativas: Lectura Facilitada, Audio e Apoio visual.



Botóns para ofrecer alternativas

Isto é un exemplo de contido principal acompañado de botóns con alternativas á representación da información.



- Usa a opción *Lectura Facilitada* para redactar un texto seguindo as pautas de Lectura Fácil.



Que é unha carta?



Lectura facilitada



Unha carta é unha mensaxe escrita que envías a outra persoa.



A remitente ou o remitente é a persoa que envía unha carta



Os carteiros e as carteiras son as persoas que levan as cartas ata as caixas do correo



Que é unha carta?



Audio



- E usa o contido alternativo *Apoio visual* cando queiras ofrecer a alternativa gráfica á información que inclúches no contido principal.



Que é unha carta?




Apoio visual



Tes liberdade para incluír un deles, dous ou os tres. Cantas máis alternativas ofrezas, mellor.

Inclúe o contido para cada opción editando a caixa HTML como o fas normalmente para calquera iDevice.



Lembra:

Haberá contido no teu REA que sexa nuclear, o máis importante, polo que han de pasar todas as persoas usuarias para avanzar por el. Pois ben, ofrece máis dunha alternativa (Lectura Facilitada, Audio e/ou Apoio visual). Podes consultar o tutorial "Como ofrecer alternativas ao texto" para saber que tipo de contido incluír.

5. Ofrece recursos de axuda cos personaxes

Usa os personaxes como complemento ao texto principal, como un recurso de axuda ás persoas usuarias que lles permita navegar e avanzar polo teu REA.



Arela



Bado




Cheda



Luzada

O seu comportamento é como o dun botón, é dicir, mostra o contido ao premer nel, pero ten unha presentación diferente: inclúe un título e unha imaxe cunha bandeira que apela a distintas estratexias para acompañar ao alumnado.





A información que inclúas no botón personaxe ha de ser complementaria, non nuclear, xa que se presenta colapsada e desprégase só se se pulsa sobre el; por tanto, pode haber persoas usuarias que non lean esa información.

Para agregalo:

1. Engade un iDevice Contido DUA sen icona nin título, xa que o personaxe contén o seu propio.



2. Escribe algo na caixa *Texto do botón*. Entón aparecerán os diferentes personaxes dispoñibles.
3. Elixo o personaxe adecuado segundo o contido de axuda que vaías mostrar:
 - **Arela** para o control emocional.
 - **Bado** para activar coñecementos previos e conectar cos intereses do alumnado.
 - **Cheda** para propoñer estratexias que favorezan a metacognición.
 - **Luzada** para propoñer recursos para as funcións executivas.
4. Engade título ao botón comezando por:
 - Arela di|
 - Bado di|
 - Cheda di|
 - Luzada di|

Engadindo a barra vertical conseguimos que dita información estea oculta pero **accesible para os lectores de pantalla**.

Fai dobre clic ou escribe para ver suxestións

Configuración xeral Axustes de idioma

Tipo: ☒ Implicación ☐ Comprensión ☐ Expresión


+

1 Arela di... | Necesitas axuda? Preme na bandeira

Texto do botón: Arela di... | Necesitas axuda? Pre

☐ Botón de texto ☒ Personaxe 1 ☐ Personaxe 2 ☐ Personaxe 3 ☐ Personaxe 4

Texto do botón: Arela di... Necesitas axuda? Preme na bandeira



5. Logo engade o título que describa o propósito do personaxe nese momento.

6. Agrega contido como o fas normalmente, editando a caixa HTML.

Fai dobre clic ou escribe para ver suxestións

Configuración xeral Axustes de idioma

Tipo: ☒ Implicación ☐ Comprensión ☐ Expresión

+

1 Arela di... | Necesitas axuda? Preme na bandeira


Texto do botón: Arela di... | Necesitas axuda? Pre






























☐ Botón de texto ☒ Personaxe 1 ☐ Personaxe 2 ☐ Personaxe 3 ☐ Personaxe 4

Texto do botón: Arela di... Necesitas axuda? Preme na bandeira

Contido principal (obrigatorio) Lectura facilitada Audio Apoio visual


Editar Inserir Formato Táboa Ferramentas


B *I* Parágrafo 13pt Atkinson

(Control emocional)

Ter dúbidas é normal e importante, porque iso significa que se está aprendendo.



Lembra que podes agrupar os personaxes engadindo tantos bloques como personaxes queiras usar. Así farás que a extensión da páxina sexa menor.

Evita sempre incorporar as alternativas ao contido principal (botóns grises de Lectura Facilitada, Audio e Apoio visual) cando agregues os personaxes



Salva o inconveniente que supón non engadir os botóns de alternativas (Lectura Facilitada, Audio e Apoio visual) nos botóns de personaxes redactando a información que di o personaxe cunha redacción fácil de comprender e usando apoios visuais e de audio no contido principal.

Este contido é unha obra derivada do recurso orixinal [Cómo usar el iDevice Contenido DUA en eXeLearning con estilo EducaAnd](#), deseñado e editado por Jesica Rosa Delgado, integrado no REA [Crea tu REA para el Proyecto REA Andalucía](#) da "Consejería de Educación y Deporte de la Junta de Andalucía", que o distribúe baixo licenza de CC BY-NC-SA.

Os símbolos pictográficos utilizados son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para [ARASAAC](#) (<http://www.arasaac.org>), que os distribúe baixo [Licenza Creative Commons BY-NC-SA](#).

